



ASTO: TRASLADO DE CONVOCATORIA A PLENO.

Polo Sr Alcalde, o día da data, ditouse a seguinte:

“ RESOLUCIÓN DE CONVOCATORIA A PLENO.”

De acordo co disposto no art. 46.2 b) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 79 do RD 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento das entidades locais, **RESOLVO:**

- Convocar ós membros do Pleno do Concello á *sesión ordinaria* deste que terá lugar o vindeiro día **31 de maio de 2017** na Casa do Concello ás **11.00 horas** en primeira convocatoria, ou dous días despois á mesma hora en segunda convocatoria de non obterse quórum suficiente na primeira.

- Fixa-lo seguinte **orde do día:**

1. *Aprobación da acta anterior, que se corresponde coa de 27/04/2017.*
2. *Dación de conta dos Decretos da Alcaldía.*
3. *Aprobación definitiva Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Xinzo de Limia.*
4. *Corrección do Plan Económico Financeiro aprobado en data 27/04/2017.*
5. *Expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Crédito nº 1/2017.*
6. *Acordo transaccional sobre a interpretación do convenio con “Viaqua, S.A.U.” en relación ó canon de Vertidos.*
7. *Moción conxunta de tódolos grupos municipais para instar á Xunta de Galicia para que realice un estudo sobre a enfermidade do “cancro” na Comarca da Limia.*
8. *Moción conxunta de tódolos grupos municipais para poder empregar na cabeceira dos documentos oficiais do Concello un anagrama coa inscrición “Carlos Casares – Letras Galegas 2017”.*
9. *Rogos e preguntas.*

Xinzo de Limia, 26 de maio de 2017.



RECURSOS: *Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o Alcalde de este Concello, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optase por interpor o recurso de de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio.*

Todo elo sen prexulzo de interpor calquera outro recurso que Vd estime máis procedente e sexa conforme a dereito.